

ARTÍCULO 8 NORMAS DE XESTIÓN

1. As persoas interesadas na apertura dun establecemento, presentarán, polos sistemas habilitados polo concello, declaración responsable, comunicación previa ou solicitude de Licencia, de conformidade coa clasificación e réxime contido no art. 5 de la presente Ordenanza, xunto cos documentos que sexan necesarios, especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local, e os proxectos técnicos e demais documentos xustificativos de aquelas circunstancias que houberen de servir de base para a liquidación de aquelas, xunto coa autoliquidación correspondente no modelo que estableza a Corporación, que terá carácter de liquidación provisional.

Si despois de presentada a Declaración responsable ou a Comunicación previa se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións haberán de poñerse en coñecemento dos Servizos Técnicos Municipais, así como coa autoliquidación complementaria que corresponda, que seguirá tendo o carácter de provisional.

A autoliquidación da taxa deberá ser presentada conxuntamente coa solicitude de licencia, ou o escrito de comunicación previa, ou declaración responsable, acompañando xustificante de abono a favor do concello nas entidades financeiras que se dispoña, sen o cal non se dará inicio ao procedemento de concesión de licencia ou de toma de razón de declaración responsable.

ARTIGO 9º. LIQUIDACION E INGRESO

O Concello de Cangas, de acordo co previsto no artigo 27 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, esixirá a taxa en réxime de autoliquidación. Dita autoliquidación deberá realizarse con carácter previo á presentación da declaración responsable, comunicación previa ou solicitude de Licencia,, polo que terá natureza de depósito previo.

ARTIGO 10.—INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO
DE LICENZAS DE AUTOTAXI E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGAMENTO***ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por licenza de autotaxis e demais vehículos de alugamento”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas as cales atenden ó previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible desta Taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer, se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licenzas

- b) Autorización para transmisións de licenzas, cando proceda o seu outorgamento, con arranxo á lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licenzas, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.
- e) Dilixenciamento dos libros-rexistro das empresas de servizos de transporte das clases C e D.

ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO

Están obrigados ó pagamento da Tasa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

1.—A persoa ou entidade a favor da cal se outorgue a concesión e expedición da licenza, ou en favor da cal se autorice a transmisión de dita licenza.

2.—O titular da licenza en que o seu vehículo sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria e cuxos libro-rexistros do cal sexan dilixenciados.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Serán responsables solidarios xunto cos suxeitos pasivos contribuíntes, os solicitantes dos servizos, no seu caso. Ademais serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas sinaladas como tales na Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.—COTA TRIBUTARIA

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

ARTIGO 6.—EXENCIONS E BONIFICACIONES

Non se concederán exencións ou bonificacións ningunhas no pagamento da Taxa.

ARTIGO 7º. DEVENGO

1.—Cando se trate da concesión de licenzas nace a obrigaçión de contribuír na data na que este Concello conceda e expida a correspondente licenza ou autorice a súa transmisión, ou no seu caso, autorice a substitución do vehículo. Malia iso, poderase considerar que nace a obrigaçión de contribuír no momento de presenta-la correspondente solicitude.

2.—Cando se trate da presentación dos servizos de revisión de vehículos e de dilixenciamento de libros-rexistros, a Taxa devengarase no momento en que se inicie aquela prestación, entendemento, para estes efectos, que dita iniciación se produce coa solicitude destes.

ARTIGO 8º. DECLARACION E INGRESO

1.—A realización das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta Taxa levaranse a cabo a instancia de parte.

2.—Tódalas cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licenzas ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuíntes o seu pagamento no prazo establecido no artigo 20 de Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 9º. INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria

DISPOSICIÓN FINAL A presente Ordenanza estará vixente o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenza a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2014, estando en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas

**ANEXO Á ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXI
E DE MAIS VEHÍCULOS DE ALUGAMENTO**

1. Por cada permiso especial de conducir	8,74
2. Por cada licenza por dedicar un automóvil ó aluguer no término municipal	606,00
3. Inspección anual do vehículo	29,41
4.—Cambio de material	9,69
5. Por transferencia de licenza	484,80

**ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR DEPURACIÓN
DE AUGAS RESIDUAIS**

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por depuración de augas residuais”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

1.—Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de depuración de augas residuais vertidas a través da rede de sumidoiros.

2.—A taxa non afecta ós inmobles derrubados, declarados ruinosos ou que teñan a condición de terreo.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO.

Están obrigados ó pagamento da Taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria ocupantes ou usuarios dos inmobles sitios no Concello e afectados polo servizo, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitantes ou arrendatarios, mesmo en precario. En todo caso terá a consideración de suxeito pasivo, substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmóbles que poderá repercutir no seu caso sobre os respectivos beneficiarios do servizo as cotas pagadas.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas sinaladas como tales na Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.—COTA TRIBUTARIA

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

ARTIGO 6.—OBRIGACION DE CONTRIBUIR

1.—A obrigación de contribuír que orixina o cobro da taxa, prodúcese cando comeza a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, quere dicir:

- a) Desde a data de presentación da oportuna solicitude de licenza de conexión, se o suxeito pasivo a formula expresamente.